



# **CEIP “Mar de Fóra”, Fisterra**

## **CURSO 2020-2021**

### **PLAN DE ACOLLIDA**

Seguindo o Plan de Adaptación do CEIP Mar de Fóra achégase a seguinte organización e instrucións para a Comunidade Educativa.

#### **1. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.**

##### **1.1.- USO DE MÁSCARA**

O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico. O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario.

A obriga contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do obrigado.

## 1.2.- ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Os grupos cos que contaremos este ano son:

GRUPOS	ALUMNADO
4º E.I.	9
5º E.I.	14
6º E.I.	11
1º E.P.	10
2º E.P.	9
3º E.P.	8
4º E.P.	7
3º e 4º formarán un grupo de convivencia estable por compartir aula nalgunhas áreas.	
5º E.P.	13
6º E.P.	12

Cada un destes grupos será considerado un GRUPO ESTABLE DE CONVIVENCIA. O alumnado de cada grupo pode relacionarse entre si pero ten que evitar a relación co resto dos grupos estables.

## 1.3.- ENTRADAS E SAÍDAS

### ENTRADAS

Incrementarase o horario de entrada ao colexio de 8:45 a 9:00 para aumentar o intervalo de tempo e reducir as aglomeracións da entrada ao recinto do colexio, para os que veñen en transporte e para primaria. **O alumnado de Infantil que non faga uso do bus terá a entrada ás 9 da mañá pola porta asignada.**

Usaranse dúas portas exteriores: a principal (cor laranxa), para o alumnado que usa o transporte escolar, e a da rampa (cor amarela) para os que veñen camiñando da casa ou en transporte privado.

En cada unha destas portas haberá un/unha mestre/a que se encargará 1) de que o alumnado acceda ao centro mantendo as distancias e coas medidas de protección requeridas, e 2) de orientar ao alumnado as súas áreas de espera, que estarán debidamente sinaladas nas columnas da zona exterior para cada nivel.

Para o acceso ao edificio, habilitaranse dúas portas, unha para Infantil, 1º, 2º e 3º e outra para 4º, 5º e 6º. Ambas estarán custodiadas por un mestre que será o encargado de xestionar a subida do alumnado ás aulas a medida que vaian chegando para minimizar na medida do posible o tempo do alumnado nas áreas de espera, dando prioridade a Infantil.

En cada aula a partir das 8:45 estará o mestre que lle toca a primeira hora esperando para a súa hixienización.

As clases darán comenzo ás 9:00 da mañá.

**Importante: durante a entrada os familiares acompañantes do alumnado non poderán acceder ao centro.**

## SAÍDAS

Só poden entrar a recoller ao alumnado os acompañantes (pai/pai ou titor) do alumnado de INFANTIL, o resto das familias deben esperar fóra do recinto escolar. Para facilitar a saída habilitaranse **tres portas**:

1. **Porta principal** que será só para o alumnado de **autobús**
2. **Porta amarela** ou rampa que será para o alumnado de Infantil, 2º e 4º E.P. que non vai no autobús escolar.
3. **Porta verde** xunto a entrada da Gardería, que será utilizada polo alumnado de 1º, 3º, 5º e 6º E.P. que non usa o transporte escolar.

Orde de saída:

O primeiro en saír será o alumnado de Infantil, ás 13:05 de outubro a maio (13:20 en setembro e xuño).

Os que van no autobús sairán coa mestra pola porta principal e o resto será entregada na zona de pais/nai. Estes sairán pola porta amarela.

Despois do timbre, 13:15 de outubro a maio (13:30 en setembro e xuño) sairán pola porta verde **de forma escalonada** e por estricto orde os cursos 1º, 3º, 5º e 6º.

Asimesmo pola porta amarela sairán tamén por orde 2º e a continuación 4º.

Co fin de asegurar a distancia mínima persoal, prégase aos pais/nais de Infantil abandonen o recinto tan pronto como recollan ao neno/a, agás os que teñan que recoller algún fillo/a en Primaria.

### **10 e 11 de setembro**

O curso escolar en Galicia comezará o 10 de setembro coa incorporación gradual do alumnado. Os primeiros en incorporarse ás aulas o xoves 10 serán os alumnos de 4º curso de Educación Infantil (3 anos) e 5º de Infantil (4 anos); 1º, 2º e 3º de Educación Primaria

Ao día seguinte, o 11 de setembro, iniciarán o curso escolar os alumnos de 6º de Educación Infantil (5 anos) e os de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria. Deste xeito, o venres día 11 estarían xa incorporados ás aulas a totalidade do alumnado das etapas de Infantil e Primaria.

**4º de infantil** . A mestra chamará ás familias para explicarlles como se levará a cabo o período de adaptación. Irán vindo ao colexio en función do día e hora asignado.

### **1.4.- MERENDAS E RECREOS**

A merenda nas dúas etapas (Infantil e Primaria) levarase a cabo nas aulas 10 minutos antes do recreo para evitar nos patios desprazamentos entre os grupos para tirar o lixo.

O recreo é de 11.30 a 12:00. O alumnado baixará ao patio de forma escalonada e haberá 2 minutos máis ou menos de marxe entre grupo e grupo

O colexio conta con 2 patios, un na parte dianteira que será ocupado por infantil e 1º e 2º, e un patio traseiro que será ocupado por 3º, 4º, 5º e 6º.

O patio estará dividido en espazos independentes para ser utilizados por cada grupo estable. No caso de chuvia, cada grupo permanecerá nos espazos cubertos indicados para tal fin.

### **1.5.- ATENCIÓN SECRETARÍA / DIRECCIÓN**

Só se atenderá presencialmente con cita previa a través do teléfono 881880658.

Tamén podedes empregar esta vía para calquera dúbida, consulta ou suxerencia.

### **1.6.- TITORÍAS E INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS**

As titorías levaranse a cabo os luns de 17:15 h a 18:15 h, como de costume, e con cita previa empregando as canles habituais: abalarmóbil, axenda do alumnado ou chamada telefónica.

Serán preferentemente telefónicas e, no caso de ser presenciais, porque así o requerise o titor/a ou mestre/a especialista, será necesaria cita previa e terán lugar na aula da titoría do alumno e coas seguintes medidas:

- Emprego de máscara.
- Hixiene de mans ao acceder á aula.
- Colocación de mesas como separación para garantir a distancia.
- No caso de ser preciso a revisión dunha proba escrita, solicitarse previamente para ter unha copia e evitar a manipulación conxunta de documentos.

As reunións de inicio de curso faranse en días diferentes e limitando a presenza a unha persoa por familia para poder garantir a distancia interpersonal, sendo obrigatorio o emprego de máscara. Avisarase por Abalarmóvil a data e hora.

## **1.7.-ORIENTACIÓN**

Priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada, deixando constancia da mesma nos pertinentes documentos.

Só se atenderá presencialmente en casos excepcionais e sempre con cita previa.

## **1.8.- USO DE ASEOS**

Restrínxese o aforo a unha persoa, para o que se empregarán sinais visuais.

Na etapa de infantil habilitarase un aseo para cada nivel.

## **1.9.- REALIZACIÓN DE EVENTOS**

Este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro as que adoita estar convidada toda a comunidade educativa. Deste xeito non se celebrará o Festival de Nadal, Entroido nin Letras Galegas, agás no caso de que as autoridades consideren controlada a situación epidemiolóxica.

Estas celebracións e outras habituais do centro (Samaín, Magosto, Paz...) poden ter lugar dun xeito diferente, e lles corresponde aos diferentes equipos docentes e extraescolares a organización delas tendo sempre en conta as indicacións deste protocolo.

As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de

realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas/espazos e as de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un bo momento para explotar os numerosos recursos que ofrece o noso concello.

## **1.10. TRANSPORTE**

Os/As acompañantes da empresa de transporte aos que lle corresponda a vixilancia do alumnado, cando resulte obrigatorio, velarán por que todos os

ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento. Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar para facilitar unha mellor trazabilidade dos contactos en caso necesario.

## **2. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.**

O concello a través dunha empresa de limpeza farase cargo de planificar, desenvolver e xestionar as medidas de limpeza do centro. En canto as familias, é importante que teñan en conta as seguintes indicacións:

### **Na casa (antes de asistir ao centro):**

- Seguindo a enquisa clínico-epidemiolóxica facilitada (ver última páxina deste folleto, tamén dispoñible na web do colexio) tódolos nenos e nenas serán avaliados polos seus pais/nais/titores/as legais diariamente nos seus domicilios antes de acudir ao centro escolar. Esta auto avaliación inclúe a toma de temperatura e revisión doutros posibles síntomas compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. Ante a aparición de calquera dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase, darán aviso ao colexio de inmediato a través do teléfono do centro 881889658 e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.
- Que acontece cos alumnos vulnerables? No caso do alumnado vulnerable como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia os criterios sanitarios que rexerán a asistencia a clase ou, no seu caso, a escolarización domiciliaria serán os que recomende o médico ou pediatra.
- Todo o persoal (profesorado e persoal non docente) deberá facer no seu fogar a mesma enquisa de autoavaliación clínica diaria que os rapaces para comprobar que non teñen síntomas compatibles con COVID 19. De igual

xeito que os alumnos, a súa ausencia deberá ser informada de inmediato a través do teléfono do centro 881 880 658.

### **No centro:**

- É obrigatorio o uso da máscara a partir dos 6 anos.
- Na porta da aula haberá xel hidroalcolico para a limpeza de mans.
- Hixienizarán as mans co xel no momento de entrar na aula baixo a supervisión do mestre correspondente. Esta acción repetirase as veces necesarias (con xel ou auga e xabón), sobre todo despois de vir do baño, antes e despois dos recreos.
- O material do alumnado será de uso individual. Usarán un estoxo co seu nome. O material gardarase no pupitre.
- Non se utilizará material compartido.
- As perchas estarán rotuladas co nome do alumnado para colocar a roupa de xeito diferenciado.
- Os primeiros minutos lembrarase ó alumnado os protocolos de hixiene e contacto social.
- Evitaranse os desprazamentos do alumnado na aula.
- As aulas ventilaranse antes do inicio da clase e durante os recreos. Os espazos comúns (aula AL, PT, biblioteca e psicomotricidade) despois de cada uso.
- Os baños limparanse e desinfectaranse tres veces ó día.

Durante os primeiros días do curso priorizarase o traballo de adquisición de hábitos básicos de prevención, hixiene e protección, así como o coñecemento das novas normas de organización e funcionamento do centro:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.



- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos ou, no seu defecto, con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo e sempre despois de ir ao aseo.
- Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre aloxándose do resto das persoas.
- Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.
- Recordar o emprego axeitado das máscaras: cómo poñelas e quitalas.
- Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.

### **3. ACCIONS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO.**

Ao inicio de curso coa axuda do equipo TICS e do asesor de zona dedicaranse varias sesións co profesorado e o alumnado á familiarización coa aula virtual, tanto no acceso como no funcionamento, centrándose sobre todo nos cursos de terceiro a sexto.

Nas primeiras semanas o profesorado asegurase de que as familias contencos medios tecnolóxicos necesarios ante o suposto de ter que recurrir ao ensino a distancia. Nesa circunstancia utilizaranse a plataforma Aula Virtual, cando menos, co alumnado de terceiro a sexto de Educación Primaria. Tamén poderá ser utilizada polo alumnado que parcialmente estea en situación de corentena

cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia. Con todo o seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo. Nos cursos anteriores habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou vídeochamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos para este tipo de alumnado.

Nos suposto de que se teña que pasar á educación a distancia, na Educación Infantil e en primeiro e segundo de Educación Primaria, cando non se usen aulas virtuais, ou no caso doutro alumnado no que non sexa posible o uso destas, arbitrase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica e realizarase unha proba do seu correcto funcionamento durante o tempo que asiste o seu alumnado ao centro

#### **4. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS.**

Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder amosar parte das nosas facianas.

- Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e solidariedade, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por

esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpabilizalo nin estigmatizalo, senón apoialo e coidalo emocionalmente.

- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.
- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.
- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.

Dende o departamento de Orientación tratarase de facer propostas concretas.

## ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

<b>Presentou nas últimas 2 semanas?</b>		<b>SI</b>	<b>NON</b>
<b>Síntomas respiratorios</b>	<b>Febre maior de 37,5°C</b>		
	<b>Tose seca</b>		
	<b>Dificultade respiratoria</b>		
<b>Outros síntomas</b>	<b>Fatiga severa (cansazo)</b>		
	<b>Dor muscular</b>		
	<b>Falta de olfacto</b>		
	<b>Falta de gusto</b>		
	<b>Diarrea</b>		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		<b>SI</b>	<b>NON</b>
<b>CONVIVIU nas últimas 2 semanas...</b>	<b>cunha persoa COVID-19 + confirmado?</b>		
	<b>cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?</b>		